

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS  
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E  
VOLUNTARIADO

## ACTUALIDADE

- Editorial
- A Xunta seguirá a impulsar o diálogo entre administracións e coas entidades para mellorar as políticas sociais
- A Xunta lanza un novo programa de emprego que permitirá contratar 10.000 mozos
- Galicia acollerá a celebración do Congreso Estatal de Voluntariado o vindeiro ano
- A Xunta incrementa de novo o número de prazas de ocio e tempo libre que oferta á mocidade a través da campaña de verán 2017
- A Xunta de Galicia abre o prazo de inscrición nos campos de traballo para o verán 2017
- Cincuenta mozas e mozos galegos do exterior poderán coñecer e fortalecer os seus vínculos coa terra de orixe grazas ao programa "Aventúrate con Galicia"
- A Xunta premia a capacidade de diálogo e as habilidades oratorias da mocidade nun novo certame de Parlamento Xove
- Galicia continúa entre as rexións máis activas en proxectos e participación no programa Erasmus+: Xuventude en Acción
- A Xunta de Galicia apoia preto de 38.000 familias a través do Programa de apoio á natalidade
- A Xunta de Galicia abre o prazo para solicitar a prestación económica por fillos e fillas menores de tres anos
- A Xunta de Galicia publica a guía *Así, así?* como documento de apoio para a crianza de nenas e nenos de cero a tres anos
- A Xunta abre o prazo para solicitar praza para estadias nas residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño
- A Xunta apoiará a preto de 200 persoas con discapacidade a través das axudas para asistencia e promoción da autonomía
- A Xunta traballa co resto de comunidades autónomas no deseño da tarxeta social a nivel nacional
- Días internacionais.

## ESTATÍSTICAS

- Enquisa de poboación activa (EPA)
- Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil
- Padrón de habitantes en 1 de xaneiro de 2017

## ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.
- Blog de publicacións.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.

## O TEU VERÁN COLLE NUNHA MOCHILA

-CAMPAMENTOS-

ACCIÓN d'Verán 2017

## NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

## PUBLICACIONES

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL  
Memoria 2015

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2017. BdB. Boletín de  
Bienestar, 2017

Edita:

Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral  
de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://libreria.xunta.gal/gl/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-7-marzo-abril-2017>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0  
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:  
[https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)

Coordinación: Pepa Dabán Royo.  
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.  
ISSN: 2445-1932

## Editorial

Este novo número do boletín pon o acento nas políticas de Xuventude marcadas polo desenvolvemento da Campaña de Verán que anualmente desenvolve esta consellería, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Baixo o lema "O teu verán colle nunha mochila", a Consellería ofrece un completo programa de actividades de carácter cultural, ambiental, deportivo, de fomento do voluntariado, etc. A organización de campamentos en Galicia para nenos de 9 a 18 anos, os intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas, os campos de traballo no estranxeiro e as actividades para maiores de 18 anos conforman o programa desta nova convocatoria. Este departamento pretende

, ademais favorecer a inclusión social, a interacción e a convivencia da nosa mocidade abrindo esta oferta a persoas discapacitadas e menores en situación de garda ou tutela administrativa.

Este papel participativo da nosa mocidade canalízase, mesmo, co desenvolvemento doutros programas que favorecen a mobilidade xuvenil (Programa Erasmus+, Xuventude en acción), as habilidades oratorias da nosa xuventude (Parlamento Xove), a estada en residencias de tempo libre, a vinculación a Galicia para a mocidade residente no exterior (Aventúrate con Galicia) e un longo etc. co único obxectivo de inculcar valores relacionados co compromiso social e a aprendizaxe.



O conselleiro José Manuel Rey Varela interveu na tribuna de Fórum Europa

## A Xunta seguirá a impulsar o diálogo entre administracións e coas entidades para mellorar as políticas sociais

- ▶ **O responsable da área social do Goberno galego sinalou que "é o momento de reinvestir os recursos da recuperación económica en corrixir as desigualdades da crise que aínda persisten"**
- ▶ **Tamén indicou que preto de 38.000 familias se benefician das medidas recollidas no Programa de apoio á natalidade e apuntou que nestes catro anos se continuará co desenvolvemento da Axenda Social Única, cuxas propostas están pensadas para atender as necesidades doutros 36.000 fogares**

**Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017.**-O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, insistiu na fórmula do

diálogo, o consenso, a coordinación e colaboración entre administracións e coas entidades para seguir a mellorar os programas e

prestacións neste ámbito. Nunha intervención no Fórum Europa repasou a evolución que nos últimos anos e en plena crise tiveron as políticas sociais en Galicia, ao tempo que indicou as principais liñas de actuación deste departamento autonómico así como os retos a afrontar na presente lexislatura.

O conselleiro asegurou que Galicia foi quen de entrar no camiño da recuperación e de

blindar o seu sistema de benestar, de tal xeito que "hoxe as persoas e familias deste país teñen máis ferramentas e instrumentos de apoio que nunca". Así, desde 2009 ata a actualidade a comunidade aumentou en preto de 10.000 o número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos en escolas infantís para nenos e nenas de 0 a 3 anos e ofertará o vindeiro curso escolar máis de 22.400.

Así mesmo, neste período de tempo tamén aumentou en máis dun 40% o número de prazas en residencias e centros de día, así como a cifra de persoas dependentes atendidas, que pasou de 14.000 a cerca de 50.000. "A pesar destes datos a crise xerou desigualdades que aínda persisten en moitas familias, polo que é o momento de reinvestir os recursos da recuperación económica en palias", apuntou. Ao respecto, lembrou que os orzamentos de 2017 consolidan o impulso social iniciado o exercicio anterior ao subir por segundo ano consecutivo as partidas económicas destinadas a políticas sociais, que chegan a un montante global de 643,5 millóns de euros, o máis elevado da historia de Galicia.

#### **Apoio ás familias e Axenda Social**

No seu relato, Rey Varela detallou o nivel de desenvolvemento dos principais programas e servizos que impulsan as diferentes áreas da Consellería, así como o número de persoas que se benefician deles. No que atinxe ao Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia) indicou que un total de 37.648 familias beneficiáanse a día de hoxe das medidas incluídas neste programa que xestiona a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Así, máis de 15.000 fogares dispoñen xa da Tarxeta Benvida e os Bonos Concilia e Coidado chegan a 2.670 familias. Ademais destas axudas directas aos pais e nais, o conselleiro destacou o novo aumento por segundo ano consecutivo das prazas en escolas infantís, xa que a Xunta ofertará o vindeiro curso escolar un total de 22.439 o que supón incrementar a ratio de cobertura ata o 38% e manter a Galicia por riba da aconsellada pola Unión Europea.

No ámbito de Inclusión, o responsable da área social do Goberno galego dixo que se continuará co impulso e actualización das medidas contidas na Axenda Social Única, que están dirixidas de xeito prioritario a fogares con menores de 16 anos a cargo, cos seus membros en situación de desemprego ou cuns ingresos moi limitados. En concreto, estímase que unhas 36.000 persoas se poden acoller ás iniciativas incluídas nesta axenda.

Asemade, destacou o reforzamento dos servizos sociais comunitarios ao dotalos de máis persoal e mellorar as condicións de financiamento, o que supuxo a incorporación de máis de 60 novos profesionais que levan a cabo a súa actividade en servizos sociais básicos de 40 concellos da catro provincias.

Tamén subliñou a ampliación do programa Reconduce de apoio ás familias con risco de desafiuzamento coa apertura de seis novas oficinas nas grandes cidades que se sumarán á que está funcionando en Santiago e estendendo o obxecto deste programa á xestión dos casos por falta de pagamento de aluguer ademais dos hipotecarios. Rey Varela expuxo que por medio do Reconduce evitáronse máis de 160 lanzamentos, e que a día de hoxe non hai constancia de ningún desafiuzamento de familias co expediente formado e defendido a través deste programa.

#### **Atención especializada ás persoas dependentes**

Noutra orde de cousas, o titular de Política Social sinalou que cómpre seguir fortalecendo o sistema de atención á dependencia que actualmente presta servizos a un total de 48.738 persoas, o que representa unha ratio de atención do 73% e sitúa a Galicia por riba da media

nacional. Nesta liña, avogou por potenciar a atención de proximidade e especializada continuando co despregue progresivo da rede de atención temperá e o aumento das horas dispoñibles no Servizo de Axuda no Fogar que conta con máis de 18.000 usuarios.

Así mesmo, sinalou que este ano se concederán 1.700 novas libranzas para o coidado de dependentes no contorno familiar e anunciou que se axilizará o proceso de recoñecemento e revisión do grao de dependencia que levan a cabo os equipos de valoración abrindo a posibilidade de que este procedemento tamén se poda realizar a través dos servizos médicos de Atención Primaria.

Ademais, Rey Varela destacou a aposta da Xunta por mellorar a calidade de vida e facilitar a integración das persoas con distintas capacidades, tanto a través das prazas propias e concertadas en centros de día e residencias como no apoio económico aos concellos e entidades sociais para o desenvolvemento de programas dirixidos a este colectivo e a realización de actuacións encamiñadas a conseguir a accesibilidade universal.

E no que atinxe á área de Xuventude, os principais eixes de actuación aos que se referiu o conselleiro foron o reforzo da empregabilidade, o fomento da participación social e xuvenil, a aposta polo voluntariado -en especial o medioambiental e o social- e o aumento das liñas de axuda a entidades de acción voluntaria e iniciativas de educación non formal.

#### **Desafíos para este mandato**

O conselleiro de Política Social dedicou a última parte da súa conferencia aos novos retos de lexislatura. Entre estes, fixo especial fincapé na necesidade de seguir completando a rede

de recursos de conciliación, coa apertura de 30 novas Casas Niño e o financiamento de seis novas escolas infantís en polígonos industriais, dúas actuacións xa contempladas nos orzamentos deste ano. "Aspiramos a que os 313 concellos de Galicia contengan un recurso de conciliación no horizonte do ano 2020, así como chegar a unha porcentaxe de cobertura de prazas en escolas infantís do 40%", indicou.

Outro dos desafíos que a Consellería se marca para os vindeiros catro anos é a construción e posta en funcionamento de sete residencias, unha en cada gran cidade de Galicia, o que permitirá poñer á disposición das familias 900 prazas que reducirán en máis dun 90% a demanda existente na actualidade.

Asemade, a mellora do financiamento da dependencia, continuar coa implantación da Historia social única electrónica a todos os concellos, o desenvolvemento normativo da Lei de inclusión cun novo decreto que regule novos tramos de inserción e transición ao emprego da Riga e a elaboración dunha lei de impulso demográfico, son outros obxectivos que marcan a axenda de Política Social neste mandato.

Durante a súa intervención, Rey Varela recoñeceu o compromiso e traballo das entidades, organizacións e axentes que desenvolven a súa actividade no ámbito social, xa que "constitúen unha rede fundamental para dispoñer, entre todos, dunhas verdadeiras políticas sociais eficaces, de proximidade e que responden realmente ás necesidades que existen". Tamén tivo palabras de agradecemento para o persoal da Consellería que desempeña o seu labor na administración e nos centros de día, residencias, escolas infantís, centros de menores e demais dependencias e servizos que dependen deste departamento autonómico.

## A Xunta lanza un novo programa de emprego que permitirá contratar 10.000 mozos



O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, na rolda de prensa do Consello

- ▶ Destaca que o obxectivo central é mellorar a capacitación dos mozos e abrírlles a porta de acceso ao mercado laboral
- ▶ Di que se financiará o 100% dos cursos para desempregados menores de 30 anos, impartidos nos 12 centros de emprego da Xunta e no Centro de Novas Tecnoloxías de Santiago
- ▶ Indica que se crearán 10.000 bonos de formación e contratación dotados con 7.000 euros cada un: 5.000 euros para a empresa por cada mozo ou moza contratado e un cheque de formación de 2.000 euros para cada contratado.

**Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017.**-O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou, na rolda de prensa do Consello, a posta en marcha dun novo programa que, cunha achega de 90 millóns de euros, impulsará a formación e a contratación de 10.000 mozos e mozas menores de 30 anos.

Co obxectivo central de mellorar a capacitación dos mozos e abrírlles a porta de acceso ao mercado laboral, Feijóo precisou que esta iniciativa pretende ademais: identificar saídas laborais para os novos perfís profesionais e as novas demandas do mercado; contar con profesionais cualificados en dous sectores clave para Galicia, como son a Industria

4.0 e a agroalimentación, axudar o tecido empresarial galego a gañar competitividade e incentivar os mozos a que queden a vivir e a traballar en Galicia.

O proxecto, que se vai desenvolver ata 2020, combinará dúas fases: formación e contratación.

Na fase de formación, á que se destinarán 20 millóns de euros, financiarase o 100% dos cursos para desempregados menores de 30 anos, impartidos nos 12 centros de emprego da Xunta e no Centro de Novas Tecnoloxías de Santiago, no que se desenvolverán os cursos de especialización para a Industria 4.0.

Na fase de contratación, e co obxectivo de que as empresas contén cos mozos galegos e que

estes se sigan formando mentres traballan, a Xunta creará 10.000 bonos de formación e contratación dotados con 7.000 euros cada un.

Sobre este punto, Feijóo precisou que cada un destes bonos

contará cun incentivo de 5.000 euros para a empresa por cada mozo ou moza contratado por un período mínimo dun ano, e un bono de formación de 2.000 euros para que cada mozo poida seguir formándose no seo da empresa.

Para elixir as empresas participantes, a Administración autonómica realizará unha convocatoria aberta na que se terán en conta os seguintes criterios: estabilidade laboral -que máis do 60% dos empregados sexan indefinidos-; ter contratado con anterioridade a mozos menores de 30 anos, dispoñer de estratexia empresarial en materia de RSE e contar con certificacións neste eido ou plans de igualdade.

Durante a rolda de prensa, o presidente do Goberno galego afirmou que a dobre dimensión deste programa pioneiro, con formación e contratación, aumentará as habilidades e coñecementos de todos os participantes e axudará a dar os seus primeiros pasos no mercado laboral.

Feijóo concluíu afirmando que con este novo programa se dá un paso máis para consolidar a tendencia positiva reflectida na EPA e para reducir a taxa de desemprego dos mozos. "E avanzamos na Axenda 20 para o emprego que ten, entre outros obxectivos: crear 100.000 novos empregos" recordou.

[http://emprego.ceei.xunta.gal/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos\\_Estandar/a\\_conselleria/Axenda\\_20\\_Emprego.pdf](http://emprego.ceei.xunta.gal/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/a_conselleria/Axenda_20_Emprego.pdf)

**XUNTA DE GALICIA**

**AXENDA 20**  
PARA O EMPREGO

**Emprego para un novo modelo produtivo baseado no crecemento**

## Galicia acollerá a celebración do Congreso Estatal de Voluntariado o vindeiro ano

**Madrid, 26 de abril de 2017.-** O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou en Madrid na reunión do pleno do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que se celebrou nas dependencias do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Entre outros asuntos abordados neste encontro, os representantes da administración xeral do Estado e das comunidades autónomas presentes neste órgano acordaron nomear a Galicia como sede do Congreso Estatal de Voluntariado en 2018, collendo así a testemuña de Andalucía que o albergará este ano.

O devandito congreso, que se celebra dende 1997, constitúe o foro nacional de referencia no eido da acción do voluntariado ao congrega a todos os sectores relacionados co ámbito da solidariedade. Nestes encontros participan responsables de organizacións non gobernamentais (ONG), de entidades que desenvolven programas e proxectos de voluntariado, das administracións públicas, das empresas ou das universidades, entre outros organismos e sectores. E no transcurso dos mesmos, os asistentes debaten e reflexionan sobre os problemas que afectan e preocupan ao movemento voluntario e ás entidades sociais do país.

Asemade, durante a celebración do congreso se fai



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, na reunión do pleno do Consello Territorial


- ▶ Destaca que o obxectivo central é mellorar a capacitación dos mozos e abrílles a porta de acceso ao mercado laboral
- ▶ Di que se financiará o 100% dos cursos para desempregados menores de 30 anos, impartidos nos 12 centros de emprego da Xunta e no Centro de Novas Tecnoloxías de Santiago
- ▶ Indica que se crearán 10.000 bonos de formación e contratación dotados con 7.000 euros cada un: 5.000 euros para a empresa por cada mozo ou moza contratado e un cheque de formación de 2.000 euros para cada contratado.

entrega dos Premios Nacionais de Voluntariado cos que se recoñece o traballo e a participación solidaria de persoas e entidades nos diferentes ámbitos social, sanitario, cooperación ao desenvolvemento, medio ambiente, deporte, cultura, educación, protección civil e emerxencias.

A xuntanza desta mañá do consello territorial tamén serviu para avaliar o Plan concertado de servizos sociais e os proxectos sociais de apoio á familia e á infancia desenvolvidos polas comunidades autónomas e que contaron con financiamento do Ministerio. Ademais, aprobouse


a creación de grupos de traballo para avanzar nunha proposta técnica que equipare os baremos de discapacidade, así como no deseño e estrutura das avaliacións anuais sobre a aplicación da lei de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.

<http://www.voluntariodogalego.org/web/>




Teléfono solidario

**900 400 800**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Directorio	Novas	Axenda	Formación	A túa experiencia	Lexislación	Asesoramento	Mapa Web
Entidades	Faite voluntario	Plans e programas	Subvencións	Punto de encontro	Rexistro	Ligazóns	Contacto



**Novas**

(28-03-2016)

**Publicase a**

Axenda Voluntariado

26 Abr 2016

<<								>>
L	M	M	X	V	S	D		
				1	2	3		
4	5	6	7	8	9	10		
11	12	13	14	15	16	17		

## A Xunta incrementa de novo o número de prazas de ocio e tempo libre que oferta á mocidade a través da campaña de verán 2017



O conselleiro de Política Social, acompañado da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, presentou o programa de xullo e agosto

- ▶ **A Administración autonómica oferta 9.572 prazas en campamentos e actividades para a vindeira tempada estival, 526 máis que na edición do ano pasado, cun investimento global na programación de 2,9 millóns de euros**
- ▶ **Rey Varela sinalou que a finalidade desta nova campaña “é que os mozos e mozas se divirtan e, ao mesmo tempo, que as actividades que se propoñen sirvan para o seu enriquecemento persoal e vital”.**

**Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017.**-O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, deu a coñecer esta mañá en San Lázaro a Campaña de Verán 2017, que baixo a lenda ‘O teu verán colle nunha mochila’, pon á disposición da mocidade un amplo abano de actividades de carácter cultural, ambiental, deportivo, de ocio e tempo libre ou de voluntariado, entre outras, e todas elas coa compoñente de educación non formal. A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, tamén participou neste acto de presentación que coincidiu co día en que se publican no Diario Oficial de Galicia as ordes da convocatoria da devandita programación.

Na súa intervención, o responsable da área social do Goberno galego sinalou que a finalidade desta campaña “é que os mozos e mozas se divirtan e, ao mesmo tempo, que as actividades que se propoñen sirvan para o seu enriquecemento persoal e vital”. Asemade, sinalou que a programación de verán da Xunta contribúe a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias durante a época estival. Así, a oferta total de prazas ascende a 9.572, 526 máis que en 2016, e o investimento global sitúase en 2,9 millóns de euros, un 11% máis que a anterior edición.

O conselleiro puxo o aceno no seu carácter inclusivo ao reservar máis prazas para fillos e fillas de mulleres vítimas da violencia de xénero, para menores

en situación de garda ou tutela administrativa e para mozos e mozas con discapacidade. En concreto, para estas situacións hai reservadas 313 prazas, das cales 100 están á disposición da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para menores en garda ou tutela, outras 162 destínanse a mozos e mozas con distintas capacidades a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e 51 xestiónaas a Secretaría Xeral de Igualdade para nenos e nenas de nais vítimas de malos tratos.

Ademais, o conselleiro destacou outro importante aspecto positivo que trae consigo o desenvolvemento desta campaña como é a xeración de emprego no sector dos educadores de tempo

libre, xa que as necesidades de contratación de monitores e directores de tempo libre suporán ao redor de 1.000 postos de traballo.

### Oferta ampla e variada

A oferta da Campaña de Verán 2017 estrutúrase en seis eixes: os campamentos para menores de 18 anos, campamentos noutras Comunidades Autónomas, as actividades para maiores de 18 anos, a oferta concertada, os campos de traballo e a programación para mozos e mozas descendentes de galegos residentes no exterior. O maior investimento económico na iniciativa permite incrementar o número de prazas en case toda esta oferta.

Así, os campamentos organizados nas instalacións xuvenís galegas para mozos e mozas entre 9 e 17 anos ofertan 6.400 prazas, o que supón un aumento do 3% con respecto á convocatoria do verán pasado e dun 20% en relación a do ano 2015. Os participantes nestes campamentos realizan actividades centradas na natureza, no deporte, o voluntariado ou o tempo libre, entre outras.

En canto a campamentos noutras comunidades autónomas, a Xunta pon a disposición dos interesados 298 prazas, 90 máis que en 2016, o que supón un incremento do 40%. Ademais a oferta deste verán inclúe a País Vasco, Castela e León, Extremadura, A Rioxa, Madrid e, como novidade, Cantabria.

Os campos de traballo están encamiñados a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno a través de actividades levadas a cabo en todas as rexións de España e noutros países como Francia, Alemaña, Grecia, Italia, Corea do Sur ou Xapón. Nestes

<http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran>

# O TEU VERÁN COLLE NUNHA MOCHILA

-CAMPAMENTOS-

ACCIÓN d'Verán'2017



XUNTA DE GALICIA

## A Xunta de Galicia abre o prazo de inscrición nos campos de traballo para o verán 2017

<http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran/como-inscribirse-nos-campos-de-traballo>



**Santiago de Compostela 21 de abril de 2017.-** A Xunta de Galicia abre o prazo para que os mozos e mozas galegos se inscriban nalgún dos campos de traballo ofertados pola Consellería de Política Social.

Trátase dunha iniciativa encamiñada a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos que se levan a cabo en todas as comunidades autónomas e en distintos países.

Estes proxectos tamén representan unha alternativa de lecer e tempo libre baseada no intercambio de coñecementos e culturas, na práctica de deportes e nas visitas a lugares de interese turístico, histórico ou cultural.

Os campos de traballo porán á disposición neste verán 598 prazas —o que supón un incremento do 25% con respecto ás dúas anteriores convocatorias— para mozos e mozas galegos, do resto de comunidades autónomas e do estranxeiro, así como para voluntarios procedentes da Galicia exterior. Delas, 204 prazas resérvanse para a mocidade galega en primeira convocatoria.

Así mesmo, os rapaces e rapazas da nosa comunidade, poderán asistir a campos de traballo noutras comunidades autónomas e en países como Francia, Alemaña, Reino Unido, Bélxica, Italia, Grecia, Países Baixos, República Checa, Estonia, Letonia, Serbia, Ucraína,

Islandia, Rusia, Turquía, Armenia, Kirguizistán, Xapón, Corea do Sur, Taiwan, Vietnam, Nepal, India e México. A oferta, en primeira convocatoria, é de 156 prazas nas distintas comunidades autónomas e 142 prazas no estranxeiro. Deste xeito, o número total de prazas para galegos en primeira convocatoria acada as 502.

Galicia contará nesta campaña cun total de 28 campos de traballo nos que se realizarán tarefas de tipo medioambiental, arqueolóxicas, de restauración, culturais e patrimoniais, audiovisuais e tarefas propias da organización dun festival.

No que respecta ao período de inscrición, o 11 de maio pecharase o prazo da primeira convocatoria en campos no estranxeiro e o 16 do mesmo mes para os campos doutras comunidades autónomas. O día 23 de maio abrirase a segunda convocatoria para os campos internacionais e pecharase o día 26; e o 1 de xuño abrirase a segunda convocatoria para campos doutras comunidades autónomas.

### Campaña de Verán 2017

Os campos de traballo forman parte da Campaña de Verán 2017, xunto cos campamentos para menores de 18 anos, campamentos noutras Comunidades Autónomas, as actividades para maiores de 18 anos, a oferta concertada e a programación para mozos e mozas descendentes de galegos residentes no exterior.

campos ofréceselles aos mozos e mozas unha alternativa de lecer e tempo libre baseada no intercambio de coñecementos e culturas, na práctica de deportes e na visita a lugares de interese turístico, histórico ou cultural. A oferta de prazas dos 28 campos de traballo situados en Galicia medrou un 25% nas últimas dúas convocatorias, ata acadar un total de 598. A estas prazas hai que sumar as 298 que se ofertan en campos no estranxeiro e noutras comunidades autónomas.

Así mesmo, a Xunta mantén o número de prazas reservadas para descendentes de galegos residentes no exterior, cun total de 230 ao abeiro do programa 'Conecta con Galicia' que organiza a Secretaría Xeral de Emigración e que ten como principais actividades 'Cultura e Camiño' e 'O mar de Galicia'. A primeira delas consiste en percorrer o Camiño francés e a Vía da prata a Santiago para coñecer o seu patrimonio

histórico e cultural; e a segunda terá lugar no albergue de Gardarío e ten como finalidade que os participantes coñezan o medio mariño a través de actividades relacionadas co mar.

A programación dirixida a mozos e mozas con idades comprendidas entre 18 e 30 anos mantense intacta neste 2017 ao continuar ofertando as 240 prazas que xa se puxeron á disposición na convocatoria de 2016.

E, por último, a oferta en prazas concertadas aumenta de maneira considerable, 295 máis que na anterior campaña de verán ata alcanzar un total de 1.195, o que supón unha subida do 33%. Así mesmo, outra novidade importante e que se volve a incorporar como instalación ofertada o campamento xuvenil A Devesa, situado no municipio lucense de Ribadeo, logo das obras de remodelación e mellora levadas a cabo o ano pasado.

## Cincuenta mozas e mozos galegos do exterior poderán coñecer e fortalecer os seus vínculos coa terra de orixe grazas ao programa "Aventúrate con Galicia"

**Santiago de Compostela 8 de abril de 2017.** - A Secretaría Xeral de Emigración publicou a resolución pola que se convoca o programa -novo este ano- "Aventúrate con Galicia", iniciativa dirixida a mozos e mozas con orixes en Galicia, e que residan no Exterior, realizado coa colaboración da Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Son tres as modalidades nas que se desenvolve o programa. A primeira, a de actividades no mar, ten como sede a residencia xuvenil de Gandarío, e para ela convócanse 20 prazas. A segunda, de actividades de natureza, ambiente e mar, ten un número similar de prazas e desenvolverase no Albergue Xuvenil de Area, en Viveiro. E a terceira, que leva por nome "Actividades de Aventura T", ten 10 prazas e realízase

no Campamento Xuvenil de Chacotes (Palas de Rei). Os tres centros dependen da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social.

Segundo se estipula na resolución publicada no Diario Oficial de Galicia, que especifica a documentación que deben presentar os solicitantes, e os detalles do desenvolvemento do programa, o prazo para a presentación de solicitudes remata o 8 de maio.

A Xunta pon á disposición das persoas beneficiarias os servizos de aloxamento e manutención nos albergues xuvenís e residencias asignadas ao mesmo. Igualmente, responsabilízase do desprazamento dos beneficiarios desde o aeroporto ou estación correspondente ata a instalación base das actividades.

Pola súa parte, cada unha das persoas beneficiarias farase

[http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170407/AnuncioG0244-300317-0005\\_gl.pdf](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170407/AnuncioG0244-300317-0005_gl.pdf)



Diario Oficial  
de Galicia

cargo da organización e pagamento dos custos da súa viaxe de ida e de volta aos seus lugares de residencia ata e desde Galicia. Igualmente realizará as xestións necesarias para a saída e a entrada ao país, tales como visados ou pagamento de taxas.

### Unha iniciativa máis

Este novo programa complementa outros dirixidos á mocidade que Emigración vén desenvolvendo desde hai anos, tales como 'Conecta con Galicia', 'Escolas Abertas', ou os distintos obradoiros e cursos que organiza para a formación das segundas xeracións dos galegos no Exterior.

Cómpre lembrar, neste aspecto, que do total de cidadáns galegos residentes fóra do territorio, 7 de cada 10 xa naceron na diáspora, polo que reforzar os vínculos coa terra dos seus pais e avós tense convertido nun obxectivo fundamental para a Xunta.

As actividades realizaranse na segunda quincena do mes de xullo, e van dirixidas a mozos e mozas residentes fóra de Galicia con idades comprendidas entre os 14 e os 17 anos de idade. Levaranas a cabo, como o resto de programas que desenvolve Emigración, xunto con mozos e mozas residentes na Galicia territorial.

## A Xunta premia a capacidade de diálogo e as habilidades oratorias da mocidade nun novo certame de Parlamento Xove

**Santiago de Compostela 22 de abril de 2017.** - O equipo do IES de Becerreá na categoría de Bacharelato e o CPR Plurilingüe Sagrada Familia, de Vilagarcía de Arousa, na modalidade de Educación Secundaria Obrigatoria resultaron gañadores da oitava edición de Parlamento Xove, competición de debate que organiza a Consellería de Política Social. Os obxectivos desta iniciativa son fomentar entre a mocidade o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias, a tolerancia e o respecto polas ideas dos demais, así como potenciar as habilidades lingüísticas dos participantes.

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado polo vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia, Diego Calvo Pouso, e pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, asistiu á final desta competición de debate na que nesta nova edición participaron un total de 215 estudantes distribuídos en 43 equipos de diferentes centros educativos de toda Galicia. Á fase final chegaron 16 equipos de 12 centros educativos, cun total de 80 participantes (16 profesoras e 64 estudantes).


<http://www.parlamentoxove.com/>



## Galicia continúa entre as rexións máis activas en proxectos e participación no programa Erasmus+: Xuventude en Acción

- ▶ Na primeira quenda de 2017 foron aprobados na Comunidade autónoma 21 proxectos promovidos por concellos, grupos informais de mozos e mozas e asociacións xuvenís, cun orzamento superior aos 340.000 euros
- ▶ Erasmus + é unha iniciativa europea que ten como finalidade o fomento da mobilidade dentro e fóra dos límites da Unión Europea, a aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural, así como o apoio da empregabilidade e inclusión da mocidade.

<http://erasmusplus.injuve.es>



### Santiago de Compostela 11 de abril de 2017.-

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado informa de que na primeira quenda de 2017 do programa europeo Erasmus+: Xuventude en Acción aprobáronse en Galicia 21 proxectos promovidos por concellos, grupos informais de mozos e mozas e asociacións xuvenís, cun orzamento de 340.351 euros. Estes datos de participación, manteñen a Comunidade autónoma no grupo de rexións máis activas no número de iniciativas aprobadas, nos fondos recibidos da Unión Europea e na participación en accións de mobilidade e aprendizaxe non formal.

Neste sentido, cómpre lembrar que no ano 2016 no marco deste programa europeo foron aprobados un total de 42 proxectos nos que participaron ao redor de 1410 mozos e mozas, e que contaron cun orzamento de 729.914 euros. Erasmus+, programa da Unión Europea (UE) que abrangue os ámbitos da educación, a formación, a xuventude e o deporte, está en vigor dende o ano 2014 e se prolongará ata 2020. Os seus obxectivos son o fomento da mobilidade dentro e fóra dos límites da UE, a aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural e tamén apoiar a empregabilidade e a inclusión da mocidade, con independencia do contexto social, educativo ou cultural á que pertenza.

En concreto, o capítulo de Xuventude brinda apoio para

que mozos e mozas adquiran habilidades esenciais para o seu desenvolvemento persoal e profesional mediante a educación non formal e informal e potencia o papel dos traballadores e das organizacións favorecendo a mobilidade e cooperación no ámbito da xuventude. Así, o programa Erasmus+: Xuventude en Acción estrutúrase en tres accións clave: mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas, e apoio ás reformas das políticas.

No que atinxe a acción clave 1, esta, diferenza dúas modalidades: a mobilidade de mozos e mozas a través de proxectos de intercambios xuvenís e Servizo Voluntariado Europeo, e a mobilidade das persoas que traballan no eido da xuventude a través de proxectos de formación e intercambios de boas prácticas. Nesta primeira quenda do 2017 neste apartado foron aprobados en Galicia 19 proxectos: trece de Servizo Voluntario Europeo, tres de intercambios xuvenís e outro máis de accións combinadas, e dous proxectos de mobilidade das persoas que traballan no eido da xuventude

Asemade, a acción clave 2; cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas, financia iniciativas de asociacións estratéxicas no ámbito da educación, a formación e a xuventude. Esta acción conta polo de agora cunha proposta aprobada presentada por un concello galego.

E, por último, a terceira acción clave do programa, que se centra no apoio ás reformas das políticas, fomento do diálogo estruturado entre mozos e mozas e responsables da toma de decisións no ámbito da xuventude, presenta neste inicio de ano un proxecto aprobado en Galicia.

Os prazos de presentación de proxectos da segunda e terceira quenda do 2017 nas tres accións son o 26 de abril e o 4 de outubro. Non obstante, na acción clave 2 os proxectos de apoio á innovación so se poderán presentar na quenda do 26 de abril. Asemade, para os proxectos centralizados, os cales se deben presentar ante a Axencia Executiva do programa Erasmus+: Xuventude en Acción (Bruxelas), enmarcados na acción clave 2, a seguinte quenda de presentación remata o 1 de xullo, mentres que para eventos a gran escala de Servizo Voluntariado Europeo o prazo finaliza o 1 de abril.

O programa europeo Erasmus+ ten entre os seus obxectivos específicos mellorar o nivel de aptitudes e competencias dos mozos e mozas; promover a participación na vida democrática en Europa e no mercado de traballo, a cidadanía activa, o diálogo intercultural, a inclusión social e a solidariedade; posibilitar ás persoas que traballan no ámbito da xuventude e aos mozos e

mozas maiores oportunidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe; así como potenciar a dimensión internacional das actividades xuvenís e o papel dos traballadores e organizacións no eido da xuventude como estruturas de apoio aos mozos e mozas.

A Comisión Europea recoñece a experiencia e coñecementos adquiridos a través da educación non formal durante o desenvolvemento dos proxectos financiados por Erasmus+: Xuventude en Acción, mediante o certificado Youthpass.

Así mesmo, ao abeiro da Orde do 26 de febreiro de 2015, da participación no programa Erasmus+: Xuventude en Acción se deriva o dereito á expedición do certificado de educación non formal en materia de xuventude, certificado a través do que se lle dá visibilidade á aprendizaxe non formal adquirida e se validan as competencias asumidas, contribuíndo así á mellora das posibilidades de emprego da mocidade galega.

A Xunta, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, como parte integrante do Axenda Nacional Española do programa Erasmus+, leva a cabo funcións de información, asesoramento, avaliación e seguimento de todos os proxectos presentados no marco desta iniciativa en Galicia.

## A Xunta de Galicia apoia preto de 38.000 familias a través do Programa de apoio á natalidade

- ▶ **O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, compareceu no Pleno do Parlamento de Galicia para dar conta do alcance do Programa de apoio á natalidade (PAN) 2 de 2**
- ▶ **Ao abeiro deste programa, a Administración autonómica ofertou 22.315 prazas públicas ou sostidas con fondos públicos en escolas de 0 a 3 anos.**

**Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017.-** O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, compareceu este mediodía no Pleno do Parlamento de Galicia para dar conta do alcance do Programa de Apoio á Natalidade (PAN), integrado por un conxunto de medidas –en moitos casos pioneiras–, das que xa se teñen beneficiado 37.648 familias a través da Tarxeta Benvida, o Bono Coidado ou o Bono Concilia entre outras. “A nosa meta é contribuír a que Galicia sexa un lugar mellor para vivir e formar unha familia”, afirmou o titular autonómico.

Rey Varela informou de que ata a data, 15.112 familias se están a beneficiar da Tarxeta Benvida, unha axuda económica directa de 100 euros mensuais por un ano co obxectivo de contribuír a sufragar os gastos básicos que supón o nacemento ou adopción dun fillo ou filla durante os seus primeiros doce meses de vida. O conselleiro destacou que a tarxeta se ampliou aos nenos e nenas nados en 2017 e ademais, “aquelas familias que estean en situación de garda con fins adoptivos dun menor dun ano, tamén poderán ser titulares da tarxeta”, engadiu o conselleiro. A Xunta de Galicia consignou un gasto plurianual de 18 millóns de euros para esta medida que chega a preto do 80% dos fogares galegos que contan cun novo membro na familia.

O titular autonómico lembrou que grazas ao PAN, a Xunta de Galicia puxo en funcionamento

as primeiras 30 casas niño, que axudan a 150 familias a conciliar a súa vida persoal e laboral. “Este ano, seguiremos estendendo este recurso en concellos rurais de menos de 5000 habitantes coa apertura doutras 30 casas niño máis”, afirmou Rey Varela.

Outros programas do PAN que se están a consolidar son o Bono Concilia e o Bono Coidado. O primeiro consiste nunha achega económica para colaborar no pagamento dunha praza de escola infantil naqueles casos en que non consigan unha escola pública ou nun centro financiado con fondos públicos; mentres que o segundo é unha axuda económica para contribuír no

pagamento do importe dun servizo de atención aos nenos a domicilio por doenza, enfermidade puntual ou por outro imprevisto ocasional no caso de que os pais e nais traballen e non poidan levarlos a unha escola infantil ou outro recurso. No seu conxunto, ambas medidas benefician nestes momentos a 2.670 familias en Galicia.

A área de conciliación do PAN tamén comprende as prazas en escolas infantís e as prazas subvencionadas con fondos públicos. No presente curso a Xunta ofertou un total de 22.315 prazas. Unha cifra que aumentará no vindeiro curso escolar xa que “a Xunta porá á disposición das familias 22.439 prazas e un ano máis, Galicia superará a ratio de cobertura aconsellada pola Unión Europea, situándose nun 38%”, apuntou o titular da carteira social.

Dentro das medidas en prol da demografía galega, o conselleiro destacou que Galicia é

“a Comunidade Autónoma con maiores deducións por natalidade”. Ao fío disto, lembrou a publicación o pasado luns no Diario Oficial de Galicia da orde para a prestación por fillo a cargo menor de 3 anos, tamén enmarcada no PAN. Grazas a ela, aquelas familias que non tivesen obriga nin presentasen a declaración do IRPF en 2015, terán dereito a percibir esta prestación, que consiste nun pagamento único de 360 euros pola primeira filla ou fillo, de 1200 euros pola segunda ou segundo e de 2400 euros polo terceiro e sucesivos.

Rey Varela finalizou a súa intervención destacando que estas medidas e as que se irán desenvolvendo nos vindeiros anos no ámbito da conciliación terán como obxectivo que os 313 concellos de Galicia conten cun recurso de conciliación no horizonte do ano 2020 e alcanzar unha porcentaxe de cobertura en escolas infantís de

<http://www.pan.gal/>






A vida nunca foi tan grande

A vida nunca foi tan grande





**TARXETA BENVIDA**  
100€ AO MES PARA OS GASTOS FUNDAMENTAIS 01º ANO

- ▶ QUÉ É A TARXETA BENVIDA?
- ▶ QUÉ PODO MERCAR E ONDE?
- ▶ CÓMO SOLICITO A TARXETA BENVIDA?

**PROGRAMA DE APOIO Á NATALIDADE**  
En Galicia a vida nunca foi tan grande

Neste intre o mundo cambia as súas regras. As noites pasan a ter tres horas, o mundo dúas rúas, o pouquiño é a nova medida... Todo se mide en dedíños, gotiñas, culleradiñas. Neste momento o mundo fátse máis pequeno, pero a axuda nunca foi tan grande.

A Tarxeta Benvida da Xunta cobre os gastos fundamentais durante o primeiro ano de vida do teu fillo ou filla.

Unha pequena gran axuda para comezar, un gran apoio para medrar

## A Xunta de Galicia abre o prazo para solicitar a prestación económica por fillos e fillas menores de tres anos

[http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170403/AnuncioG0425-270317-0001\\_gl.pdf](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170403/AnuncioG0425-270317-0001_gl.pdf)



- Os beneficiarios terán dereito a percibir un pagamento único de 360 euros pola primeira filla ou fillo, de 1200 euros pola segunda ou segundo e de 2400 euros polo terceiro e sucesivos
- Máis de 2500 familias beneficiáronse ao ano desta axuda, para a que a Administración Autonómica consigna un orzamento de 3 millóns de euros en 2017.

**Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.**- A Xunta de Galicia publica no Diario Oficial de Galicia a orde para a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2017.

Deste xeito, aquelas persoas que con data de 1 de xaneiro de 2017 teñan ao seu cargo menores de tres anos (nados entre o 02/01/2014 e o 01/01/2017) e que nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración do IRPF correspondente ao ano 2015, terán dereito a percibir unha prestación que consistirá

nun pagamento único de 360 euros pola primeira filla ou fillo, de 1200 euros pola segunda ou segundo e de 2400 euros polo terceiro e sucesivos.

Tamén poderán beneficiarse desta prestación aquelas persoas que teñan fillas ou fillos adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2015 e o 31 de decembro de 2016.

Ademais, en todos os casos, as persoas proxenitoras deben ter a súa residencia habitual en Galicia e na data da solicitude, os nenos e nenas deben convivir coa persoa solicitante.

A concesión da axuda efectuarase sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes

presentadas que reúnan os requisitos establecidos e o prazo para resolver estas axudas é de 5 meses desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro para a súa tramitación.

O prazo de presentación das solicitudes establécese entre o 4 de abril e o 29 de maio. E estas presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo.

Os interesados poden consultar a orde en: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170403/AnuncioG0425-270317-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170403/AnuncioG0425-270317-0001_gl.pdf).

Esta axuda, que beneficia a máis de 2500 familias cada ano e para a que a Administración Autonómica consigna un orzamento inicial de 3 millóns de euros (susceptible de ampliación para chegar a todas as familias que poidan percibir esta prestación), forma parte do Programa de apoio á natalidade (PAN) que a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2015 co obxectivo de garantir o benestar das familias a través dun apoio continuo e integral desde a chegada dun fillo ou filla.

## A Xunta de Galicia publica a guía *Así, así?* como documento de apoio para a crianza de nenas e nenos de cero a tres anos

- Trátase dunha ferramenta práctica para orientar as familias nas etapas do seu desenvolvemento

**Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017.**- A Xunta de Galicia publica a guía *Así, Así?* co ánimo de dar respostas sinxelas a preguntas habituais das persoas que están inmersas na crianza dun neno ou nena nos seus primeiros tres anos de vida. O documento, que a Administración pon á disposición de toda a cidadanía na páxina web da Consellería de Política Social, trata os aspectos imprescindibles da crianza dos nenos e nenas de cero a tres anos e pretende ser unha ferramenta práctica,

tanto para axudar na prevención e na identificación dos posibles trastornos do desenvolvemento coma para orientar as familias e os profesionais.

O obxectivo da guía é axudar a todas as persoas interesadas pola crianza a entender máis e mellor unha etapa da vida que é chave para as idades posteriores, tanto da nenez coma da etapa adulta, de cara a xerar personalidades máis seguras e máis autónomas. Ademais, *Así, Así?* pretende ser unha compañeira de viaxe que tranquilice ante a ansiedade e os medos, que transforme

a preocupación en aprendizaxe e, sobre todo, unha compañeira que invite a gozar da evolución e crecemento dos fillos e fillas.

Deste xeito, a guía quere amosar, dunha maneira sinxela e directa, o camiño da evolución dunha nova vida.

[http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Guias/asi\\_asi\\_GAL.pdf](http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Guias/asi_asi_GAL.pdf)

*Así, Así?*

## A Xunta abre o prazo para solicitar praza para estadias nas residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula o procedemento de adxudicación das estadias e servizos destas residencias adscritas á Consellería de Política Social
- ▶ A orde recolle este ano, como noutros exercicios, a reserva da segunda quenda de xullo para as familias monoparentais, a da última quenda de xullo para as familias acolledoras e a da primeira quenda de agosto para as familias numerosas.

**Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017.**- A Xunta de Galicia vén de abrir o prazo para solicitar praza para estadias nas residencias de tempo libre de Panxón (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense). O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria para a adxudicación de estas estadias e servizos nas residencias adscritas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da

Consellería Política Social. Os dous centros están destinados ao ocio e o lecer das familias, xa que o obxectivo desta acción é favorecer a comunicación e participación persoal e socio familiar, cumprindo desta maneira unha importante función social.

Poden beneficiarse de estadias nestas residencias tanto as persoas maiores como os menores, sempre que vaian en compañía dos seus pais e nais ou titores



[http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170412/AnuncioG0425-070417-0005\\_gl.pdf](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170412/AnuncioG0425-070417-0005_gl.pdf)

legais, así como os galegos e galegas residentes no exterior. Así mesmo, e como outros anos, resérvase a segunda quenda do mes de xullo para as familias monoparentais, a última quenda de xullo para as familias acolledoras e a primeira quenda de agosto para as familias numerosas. A adxudicación destas quendas para as familias monoparentais, acolledoras e numerosas farase igualmente por sorteo de datas o mesmo día, sendo as sobrantes

incluídas, de ser o caso, no procedemento xeral de adxudicación.

A adxudicación das prazas efectuarase por sorteo o próximo 8 de maio. Este terá lugar na Dirección Xeral de Familia e Dinamización Demográfica e será público. As prazas que queden vacantes por renuncias posteriores á súa adxudicación, ofertaranse ás persoas solicitantes que non obtivesen praza, seguindo para estes efectos a orde de publicación establecida no sorteo.

## A Xunta apoiará a preto de 200 persoas con discapacidade a través das axudas para asistencia e promoción da autonomía

- ▶ A orde, financiada nun 80% con fondos europeos, está dotada cun orzamento inicial de máis de 220.000 euros, que se poderá ampliar no caso de que sexa necesario.

**Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017.**- A Xunta de Galicia publica no Diario Oficial de Galicia a orde para as axudas individuais destinadas á adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, así como a adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal, a persoas con discapacidade. A Administración Autonómica dotou a esta orde, financiada nun 80% polo Fondo Social Europeo, dun crédito inicial de 221.126,38 euros destinado a atender as solicitudes que se presenten e que está aberto a ampliación no caso de que sexa necesario. A Administración Autonómica prevé beneficiar con esta convocatoria de axudas a máis de 170 persoas.

Deste xeito, e a través desta orde, as persoas beneficiarias poderán acceder a servizos de promoción da autonomía persoal tales como fisioterapia, formación prelaboral (habilidades básicas e polivalentes para o emprego), atención psicolóxica, logopedia, entre outros, así como servizos complementarios de asistencia persoal.

Poderán ser obxecto de financiamento para esta convocatoria as actuacións que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 10 de decembro de 2017 e poderán ser beneficiarias desta orde as persoas que teñan recoñecida un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Así mesmo, considerarase que cumpren con este requirimento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de



[http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170411/AnuncioG0425-310317-0002\\_gl.pdf](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170411/AnuncioG0425-310317-0002_gl.pdf)

incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez; e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Tamén poderán optar e solicitar as axudas reguladas nesta convocatoria, as persoas que soliciten o recoñecemento do grao de discapacidade con anterioridade á data de publicación desta convocatoria, quedando condicionada a percepción da axuda a que lles sexa recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. En canto ás persoas solicitantes de servizos complementarios de asistencia persoal será necesario

ademais, que estas teñan recoñecida a prestación de asistencia persoal (PIA) a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD).

### Prazos

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel, no rexistro do concello ao que correspondan os servizos sociais comunitarios do domicilio da persoa solicitante, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos.

O prazo para a súa presentación será de un mes, contado a partir do 13 de abril.

## A Xunta traballa co resto de comunidades autónomas no deseño da tarxeta social a nivel nacional

**Madrid, 26 de abril de 2017.-** O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González Méndez, participaron en Madrid na primeira reunión do grupo de traballo que se encargará de deseñar a tarxeta social a nivel nacional. A creación desta ferramenta foi un dos acordos tomados na conferencia de presidentes autonómicos celebrada o pasado mes de xaneiro.

Este instrumento, será unha chave de acceso ao Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, que permitirá coñecer en tempo real (grazas á súa permanente actualización) as prestacións sociais de contido económico que baixo distintas fórmulas xestionan as comunidades, a Administración Xeral do Estado, as corporacións locais e incluso as ONG co obxectivo de mellorar o benestar e a calidade de vida dos cidadáns. Así mesmo, a tarxeta social, facilitará a coordinación entre os programas das distintas administracións públicas, contribuirá a eliminar duplicidades e a mellorar a complementariedade das prestacións.

O conselleiro amosou ao remate da reunión a súa satisfacción polo establecemento das bases para o desenvolvemento desta ferramenta que servirá para "coordinar o noso modelo de benestar, que comprende un sistema de servizos sociais, de pensións, de sanidade e de educación sen comparación". Neste sentido,

cómpre destacar que máis do 70% do gasto a nivel nacional se destina á atención social e máis de 14 millóns de españois reciben todos os meses unha prestación pública, razón pola cal é preciso crear unha tarxeta social.


- Será unha chave de acceso ao Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, que permitirá coñecer en tempo real as prestacións sociais da Administración Xeral do Estado, das administracións autonómicas e locais e das ONG
- A creación desta ferramenta foi un dos acordos tomados na conferencia de presidentes autonómicos do pasado mes de xaneiro.



### Política Social

- › Consellería
- › Sala de comunicación
- › Recursos
- › Temas

[Inicio](#) | [Mapa do portal](#) | [Contacto](#) | [Suxestións e queixas](#) | [Accesibilidade](#) | [GALEGO](#) | [CASTELLANO](#)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

infancia

familia

discapacidade

dependencia

comunidade e  
inclusión

maiores

Buscar



## Actualidade

## Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

<b>Xaneiro</b>	das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos	12 de xuño	15 de xullo
27 de xaneiro		- Día Mundial contra o Traballo Infantil	- Día Mundial das Habilidades da Xuventude
- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto	<b>Abril</b>	13 de xuño	18 de xullo
	2 de abril	- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo	- Día Internacional de Nelson Mandela
<b>Febreiro</b>	- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo		30 de xullo
6 de febreiro	6 de abril	14 de xuño	- Día Internacional da Amizade
- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	- Día Mundial do Doador de Sangue	- Día Mundial contra a Trata
11 de febreiro	7 de abril	15 de xuño	<b>Agosto</b>
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia	- Día Mundial da Saúde	- Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez	12 de agosto
20 de febreiro	28 de abril	19 de xuño	- Día Internacional da Xuventude
- Día Mundial da Xustiza Social	- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo	- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos	19 de agosto
<b>Marzo</b>	29 de abril	20 de xuño	- Día Mundial da Asistencia Humanitaria
1º de marzo	- Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química	- Día Mundial dos Refuxiados	23 de agosto
- Día da Cero Discriminación (ONUSIDA)	<b>Maiο</b>	23 de xuño	- Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición
8 de marzo	15 de maio	- Día Internacional das Viúvas	30 de agosto
- Día Internacional da Muller	- Día Internacional da Familia	25 de xuño	- Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas
20 de marzo	21 de maio	- Día da Xente do Mar	<b>Setembro</b>
- Día Internacional da Felicidade	- Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento	26 de xuño	5 de setembro
21 de marzo	29 de maio	- Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura	- Día Internacional da Beneficencia
- Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial	- Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas	- Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas	8 de setembro
- Día Mundial da Síndrome de Down	<b>Xuño</b>	<b>Xullo</b>	- Día Internacional da Alfabetización
24 de marzo	1º de xuño	2 de xullo (primeiro sábado de xullo)	10 de setembro
- Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas	- Día Mundial das Nais e os Pais	- Día Internacional das Cooperativas	- Día Mundial para a Prevención do Suicidio
25 de marzo	4 de xuño	11 de xullo	15 de setembro
- Día Internacional do Recordo	- Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agresión	- Día Mundial da Poboación	- Día Internacional da Democracia

21 de setembro

- Día Internacional da Paz

### Outubro

1º de outubro

- Día Internacional das Persoas de Idade

2 de outubro

- Día Internacional da non Violencia

10 de outubro

- Día Mundial da Saúde Mental

11 de outubro

- Día Internacional da Nena

15 de outubro

- Día Internacional das Mulleres Rurais

16 de outubro

- Día Mundial da Alimentación

17 de outubro

- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

24 de outubro

- Día das Nacións Unidas

24 de outubro

- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento

### Novembro

10 de novembro

- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento

16 de novembro

- Día Internacional para a Tolerancia

20 de novembro

- Día Universal do Neno

25 de novembro

- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

29 de novembro

- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino

### Decembro

1º de decembro

- Día Mundial da Loita contra a Sida

2 de decembro

- Día Internacional para a Abolición da Escravitude

3 de decembro

- Día Internacional das Persoas con Discapacidade

5 de decembro

- Día Internacional dos Voluntarios

9 de decembro

- Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime

9 de decembro

- Día Internacional contra a Corrupción

10 de decembro

- Día dos Dereitos Humanos

18 de decembro

- Día Internacional do Migrante

20 de decembro

- Día Internacional da Solidariedade Humana

<http://www.un.org/es/events/familyday/>



Día Internacional da Familia

15 de maio

<http://www.un.org/es/events/parentsday/>



Día Mundial das Nais e os Pais

1 de xuño

<http://www.un.org/es/events/childvictimday/>



Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agresión

4 de xuño

<http://www.un.org/es/events/childlabourday/>



Día Mundial contra o Traballo Infantil

12 de xuño

<http://www.un.org/es/events/elderabuse/>



Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez

15 de xuño

<http://www.un.org/es/events/refugeeday/>



Día Mundial dos Refuxiados

20 de xuño

<http://www.un.org/es/events/widowsday/>



Día Internacional das Viúvas

23 de xuño

## Estadísticas

## Enquisa de poboación activa (EPA)

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia e España no 1º trimestre de 2017, expresados en miles de persoas, son os seguintes:

	Total	Activos	Ocupados	Parados
A Coruña	969,8	529,2	447,5	81,7
Lugo	295,8	151,7	129,2	22,5
Ourense	275,2	134,6	107,2	27,4
Pontevedra	806,5	435,2	349,8	85,5
<b>Galicia</b>	<b>2.347,30</b>	<b>1.250,80</b>	<b>1.033,60</b>	<b>217,1</b>
<b>España</b>	<b>38.608,00</b>	<b>22.693,30</b>	<b>18.438,30</b>	<b>4.255,00</b>

Fonte: EPA 1º trimestre 2017 do INE-IGE

A distribución dos ocupados, parados, taxa de paro e taxa de emprego por comunidades autónomas é a seguinte:

	Ocupados (*)	Parados (*)	Taxa de emprego	Taxas de paro
Andalucía	2.908,4	1.072,4	42,2	26,9
Aragón	557,6	85,7	50,9	13,3
Asturias	394,1	65,4	43,6	14,2
Illes Balears	489,5	98,5	51,4	16,8
Canarias	809,7	279,8	44,7	25,7
Cantabria	235,1	38,5	47,8	14,1
Castela-A Mancha	959,1	171,0	46,3	15,1
Castela e León	770,8	223,5	45,9	22,5
Cataluña	3.197,9	576,7	52,3	15,3
Valencia	1.944,6	479,2	47,4	19,8
Extremadura	351,4	145,2	38,7	29,2
<b>Galicia</b>	<b>1.033,6</b>	<b>217,1</b>	<b>44,0</b>	<b>17,4</b>
Madrid	2.856,6	474,1	53,8	14,2
Murcia	570,8	136,9	48,0	19,3
Navarra	276,0	31,5	52,7	10,3
País Vasco	894,4	120,4	49,3	11,9
A Ríoxa	134,3	19,9	51,9	12,9
Ceuta	28,7	8,7	44,2	23,3
Melilla	25,4	10,6	40,9	29,5
<b>TOTAL</b>	<b>18.438,3</b>	<b>4.255,0</b>	<b>47,8</b>	<b>18,8</b>

(\*) en miles de persoas

A distribución das taxas de paro por sexo en Galicia e España é a seguinte:

	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	15,4	15,8	15,1
Lugo	14,9	13,6	16,3
Ourense	20,4	20,6	20,1
Pontevedra	19,6	19,2	20,1
<b>Galicia</b>	<b>17,4</b>	<b>17,2</b>	<b>17,5</b>
<b>España</b>	<b>18,8</b>	<b>17,2</b>	<b>20,5</b>

Fonte: EPA 1º trimestre 2017 do INE-IGE



A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964, sendo a metodoloxía vixente na actualidade a de 2005.


A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos).

A mostra inicial é dunhas 65.000 familias ao trimestre que equivalen aproximadamente a 180.000 persoas.

## Taxa de paro por comunidades autónomas



## Taxa de paro Galicia-España



### Poboación parada por idade

A poboación parada por idade, a distribución por tramos de idade en miles de persoas en Galicia e España é a seguinte:

	Galicia	España
De 16 a 19 anos	3,2	134,5
De 20 a 24 anos	17,7	457,3
De 25 a 34 anos	49,7	976,8
De 35 a 44 anos	62,5	1.099,4
De 45 a 54 anos	54,4	1.027,0
De 55 y más anos	29,7	560,1
<b>Total</b>	<b>217,1</b>	<b>4.255,0</b>


Fonte: EPA 1º trimestre 2017 do INE-IGE

A distribución das taxas de paro por tramos de idade en Galicia e España é a seguinte:

	Galicia	España
Menores de 25 anos	35,47	41,66
De 25 y más anos	16,46	17,22
De 16 a 19 anos	64,69	58,74
De 20 a 24 anos	32,76	38,37
De 25 a 54 anos	17,16	17,56
De 55 y más anos	13,43	15,56
<b>Total</b>	<b>17,36</b>	<b>18,75</b>

Fonte: EPA 1º trimestre 2017 do INE-IGE

### Taxa de paro por tramo de idade Galicia-España



### Enquisa de poboación activa. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil

Dos 323.900 mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 118.900 (o 36,7%) están ocupados, 42.900 (o 13,2%) parados e os 162.200 (o 50,1%) restantes son inactivos.

A taxa de ocupación deste colectivo sitúase no 36,7% no primeiro trimestre de 2017. Con respecto ao trimestre anterior diminúe 0,5 puntos e con respecto ao mesmo trimestre do ano 2016 aumenta 1,2 puntos.

A taxa de paro xuvenil permanece estable en 26,5% neste trimestre. En comparación co primeiro trimestre de 2016 diminuíu 4,9 puntos.

Taxas de actividade, ocupación e paro da poboación de 16 a 29 anos. Galicia. Primeiro trimestre de 2017. Porcentaxe

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
Taxa de actividade	49,9	-0,7	-1,9
Taxa de ocupación	36,7	-0,5	1,2
Taxa de paro	26,5	0	-4,9

	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
<b>Homes</b>			
de 16 a 29 anos	51,6	37,4	27,4
De 16 a 24 anos	32	20,2	36,9
de 25 a 29 anos	81,9	64,2	21,6

Mulleres			
de 16 a 29 anos	48,2	35,9	25,5
De 16 a 24 anos	28,1	18,6	33,8
de 25 a 29 anos	78,5	62	21,1
<b>Total</b>			
de 16 a 29 anos	49,9	36,7	26,5
De 16 a 24 anos	30,1	19,4	35,5
de 25 a 29 anos	80,2	63,1	21,4

Fonte: IGE

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204023](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204023)



INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA

## Estatísticas

## Padrón de habitantes en 1 de xaneiro de 2017


## Últimos datos.

Provisionais a 01/01/2017 Publicado: 26/04/2017

Segundo o Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 2017 do Instituto Nacional de Estatística, o número de persoas empadroadas en Galicia é de 2.707.700, coa seguinte distribución provincial: A Coruña, 1.119.905 habitantes; Lugo, 333.511; Ourense, 311.595; e Pontevedra, 942.689.

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	537.125	582.780	1.119.905
Lugo	161.715	171.796	333.511
Ourense	149.657	161.938	311.595
Pontevedra	455.623	487.066	942.689
<b>Galicia</b>	<b>1.304.120</b>	<b>1.403.580</b>	<b>2.707.700</b>
<b>España</b>	<b>22.817.410</b>	<b>23.721.616</b>	<b>46.539.026</b>

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2017 do INE. Datos provisionais



## Poboación por Comunidades Autónomas en 1 de xaneiro de 2017

España	46.539.026	
Andalucía	8.370.368	17,99%
Aragón	1.307.395	2,81%
Principado de Asturias	1.034.681	2,22%
Illas Baleares	1.115.255	2,40%
Canarias	2.106.624	4,53%
Cantabria	580.140	1,25%
Castela e León	2.424.395	5,21%
Castela – A Mancha	2.030.661	4,36%
Cataluña	7.551.285	16,23%
Comunidade Valenciana	4.935.010	10,60%
Extremadura	1.079.224	2,32%
<b>Galicia</b>	<b>2.707.700</b>	<b>5,82%</b>
Comunidade de Madrid	6.504.584	13,98%
Rexión de Murcia	1.469.656	3,16%
Comunidade Foral de Navarra	642.797	1,38%
País Vasco	2.193.205	4,71%
A Rioxa	315.009	0,68%
Ceuta	84.959	0,18%
Melilla	86.078	0,18%

O Padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños do municipio. A súa formación, mantemento, revisión e custodia corresponde aos respectivos concellos e da súa actualización obtense a revisión do Padrón municipal con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano


## Evolución da poboación

A poboación de Galicia diminuíu un 2,34% en 2017 con respecto ao Padrón de 2007 e a participación no total nacional diminuíu en 0,31 puntos (6,13% en 2007). Ademais, nas provincias de Lugo e Ourense producíronse perdas de poboación do 6,10% e o 7,52% respectivamente con respecto ao padrón de 2007.

A evolución da poboación de Galicia dende 2007 é a seguinte:

Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2007	1.337.159	1.435.374	2.772.533
2008	1.344.268	1.439.901	2.784.169
2009	1.349.603	1.446.489	2.796.089
2010	1.350.547	1.447.106	2.797.653
2011	1.349.591	1.445.831	2.795.422
2012	1.343.328	1.438.170	2.781.498
2013	1.335.122	1.430.818	2.765.940
2014	1.325.657	1.423.038	2.748.695
2015	1.317.054	1.415.293	2.732.347
2016	1.309.809	1.408.716	2.718.525
<b>2017</b>	<b>1.304.120</b>	<b>1.403.580</b>	<b>2.707.700</b>

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2017 do INE. Datos provisionais





## A poboación por grupos de idade

En Galicia e España a distribución por tramos de idade da poboación residente é a seguinte (resultados provisionais):

	Total	0-15	16-64	> 64
A Coruña	1.119.905	145.208	706.215	268.482
Lugo	333.511	35.374	202.095	96.042
Ourense	311.595	32.847	182.505	96.243
Pontevedra	942.689	131.470	606.089	205.130
<b>Galicia</b>	<b>2.707.700</b>	<b>344.899</b>	<b>1.696.904</b>	<b>665.897</b>
<b>España</b>	<b>46.539.026</b>	<b>7.404.454</b>	<b>30.374.938</b>	<b>8.759.634</b>



Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2017 do INE. Datos provisionais



## Distribución da poboación nova entre 15 e 29 anos

	Total	15-19	20-24	25-29	15-29	Porcentaxes da poboación nova de 15 a 29 anos
A Coruña	1.119.905	43.194	45.454	52.707	141.355	12,6%
Lugo	333.511	11.354	12.984	15.789	40.127	12,0%
Ourense	311.595	10.590	12.334	14.071	36.995	11,9%
Pontevedra	942.689	40.072	41.954	47.271	129.297	13,7%
<b>Galicia</b>	<b>2.707.700</b>	<b>105.210</b>	<b>112.726</b>	<b>129.838</b>	<b>347.774</b>	<b>12,8%</b>
<b>España</b>	<b>46.539.026</b>	<b>2.213.694</b>	<b>2.291.886</b>	<b>2.565.607</b>	<b>7.071.187</b>	<b>15,2%</b>

## Porcentaxes da poboación nova en Galicia



## Alertas bibliográficas

- **Encrucijadas. Revista Crítica de Ciencias Sociales**

<http://www.encrucijadas.org/index.php/ojs>

ISSN-e: 2174-6753

Inicio: 2011-

Periodicidade: Semestral

Edita: Universidad de Salamanca, Asociación Contubernio

Trátase dunha publicación semestral independente. Encrucijadas pretende ser un punto de encontro entre profesores e estudantes, un punto de encontro entre distintas disciplinas así como un punto de encontro entre xente de diversas procedencias (universidades, centros de investigación, mundo laboral, etc.) para debater e dialogar dende perspectivas críticas distintas realidades que nos fan vivir hoxe nun tempo de encrucilladas, nun tempo de encontros, desencontros, conflitos e consensos que están a marcar e determinar o futuro do social.

Último nº. publicado: nº 12, 2016

Destaca o seguinte artigo:

- Satisfacción con la aplicación de la Ley de Dependencia en cuidadores de menores con trastornos del espectro autista / M<sup>o</sup> Eugenia Silva Vera, María José Abellán Hervás, Consuelo López Fernández

<http://www.encrucijadas.org/index.php/ojs/article/view/233>

- **Gerokomos**

<https://www.gerokomos.com/>

versión impresa ISSN 1134-928X - ISSN-e: 1578-164X

Periodicidade trimestral

Edición: Sociedad Española de Enfermería Geriátrica y Gerontológica

Inicio: 1990- (vol. 1- nº 0- )

A revista oficial da Sociedade Española de Enfermería Xeriátrica e Xerontolóxica, e órgano de expresión do Grupo Nacional para o Estudo e Asesoramento en Úlceras por Presión e Feridas Crónicas (GNEAUPP) e da Fundación Sergio Juárez Jordán para a Investigación e o Estudo das Feridas Crónicas, é unha publicación trimestral dirixida a persoal de enfermaría dedicado á xerontoloxía e xeriatria, así como a outros profesionais implicados na asistencia ao ancián e no coidado das feridas crónicas.

Gerokomos publica traballos orixinais, artigos de revisión ou recompilación, artigos de opinión, así como os que presenten algún caso de aplicación de plan de coidados relevante, construídos sobre un método científico referentes a todos os aspectos da enfermaría, xeronto-xeriátrica e á atención das feridas crónicas que contribúan ao avance do seu coñecemento.

Gerokomos é unha revista Open Access, sendo todo o seu contido accesible libremente sen cargo para o usuario ou a súa institución. Os usuarios están autorizados a ler, descargar, copiar, distribuír, imprimir, buscar ou enlazar aos textos completos dos artigos desta revista sen permiso previo do editor ou do autor, de acordo coa definición BOAI (Budapest Open Access Initiative) de Open Access. Non se permite un uso comercial da obra orixinal, nin das posibles obras derivadas, de acordo á licenza CC.

- **Panorama Social**

<http://www.funcas.es/publicaciones/Sumario.aspx?IdRef=4-15024>

ISSN: 1699-6852. D L: M 23.401-2005

Edita: Fundación de las Cajas de Ahorros (FUNCAS) (<http://www.funcas.ceca.es/>)

Director: Carlos Ocaña Pérez de Tudela

Desde o ano 2005 publícase esta revista con periodicidade semestral e con carácter monográfico. Os seus números dedícanse a temas de debate social e político, tales como o envellecemento da poboación, as pensións e a dependencia, as relacións interxeracionais, a evolución das familias, a infancia e a xuventude, a inmigración, a pobreza e a sanidade.

O último nº publicado (nº. 24, 2º semestre de 2016) leva por título El nuevo escenario migratorio en España. Está coordinado por María Miyar-Busto

Destacan os seguintes artigos:

- Héctor Cebolla-Boado y Leire Salazar. - La salud de los hijos de los inmigrantes en España: ¿realmente tienen ventaja?. P. 9-21

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22812>

- Albert F. Arcarons. - La tasa de actividad de las mujeres inmigrantes en España y Reino Unido y sus determinantes, p. 23-47

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22813>

- Joaquín Recaño. - La consolidación de las migraciones internas de inmigrantes como factor estructural de la movilidad geográfica en España, p. 49-71

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22814>

- María Sánchez-Domínguez. - Los senderos hacia la integración: matrimonios interétnicos en España, p. 73-88

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22815>

- Elisa Brey. - Las carreras migratorias en tiempo de recesión económica: estrategias laborales y administrativas en la periferia urbana de Madrid, p. 89-99

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22816>

- Jacobo Muñoz Comet.- El capital humano de los inmigrantes adultos en España. ¿Quiénes vuelven a estudiar?, p. 101-115

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22817>

- María Fernanda Moscoso. - Explorar la agencia: el papel de las segundas generaciones en los procesos migratorios, p. 117-128

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22818>

- M.a Ángeles Cea D'Ancona. - Percepción social de las migraciones en España, p. 129-144

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22819>

- Claudia Finotelli. - Modelos de integración y gestión de la diversidad: dos estudios de caso en el sector sanitario español, p. 145-156

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22820>

- Antonio Izquierdo Escribano. - Política de inmigración y ciudadanía en el nuevo escenario: algunas propuestas, p. 157-170

<https://www.funcas.es/Publicaciones/Detalle.aspx?IdArt=22821>

## Alertas bibliográficas

- **RES, Revista de Educación Social**

<http://www.eduso.net/res/>

ISSN: 1698-9097

Edita: Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales (CGCEES).

Periodicidade semestral

Licenza CC-by-NC: permite a reprodución, distribución e comunicación pública, sempre que se cite o título, autor e editor e non se faga con fins comerciais

Revista que, desde 2002, intenta dotar dun espazo común para compartir experiencias e coñecementos sobre a educación social e a acción socioeducativa. co fin de xerar coñecemento tanto para e entre os profesionais como para a sociedade en xeral.

É unha das revistas virtuais con máis proxección no mundo da educación social, tanto española como latinoamericana. É utilizada como referencia bibliográfica e de fonte de datos relacionados coa realidade discursiva e a profesión dos educadores sociais pola maioría das facultades que imparten os estudos de diplomatura e grao e é continuamente referenciada en estudos e investigacións relacionados coa educación social.

Pasou por varias etapas:

- 1ª (nºs do 1 ao 11): adaptación dixital da revista Quaderns d'Educació Social (editada por el CEESC de Catalunya).

- 2ª etapa (nºs. 12 e 13): con cambios na configuración dos equipos científicos, de coordinación e xestión e cambios tamén no seu deseño e presentación.

- 3ª etapa (nºs. 14-18): etapa baseada na elaboración totalmente propia e autónoma do CGCEES con números monográficos e diferentes apartados ou seccións: una sección dedicada a un tema específico e central e outra relacionada coa actualidade: proxectos, programas, libros e unha miscelánea con novas de interese para o colectivo.

- 4ª etapa (Desde o nº 19): con cambios importantes na súa configuración técnica, visualización, interactividade, etc. nun intento de mellorar a calidade do servizo que presta.

Último nº. Publicado: 24, Enero 2017 dedicado ao VII Congreso de Educación Social. Sevilla, abril 2016. "A más educación, más ciudadanía"

As comunicacións céntranse en catro eixes:

<http://www.eduso.net/res/24/articulo/comunicaciones>

- Eje I (Re) pensar la profesión en los procesos de construcción de la ciudadanía y la transformación social: historia, identidad y deontología.

- Eje II. El esta (r) de la Educación Social. Dilemas, potencialidades y retos actuales en la construcción de la ciudadanía desde la perspectiva de la Educación Social.

- Eje III. (Re) Hacer la Educación Social para impulsar la construcción de la ciudadanía y el pensamiento crítico en la transformación social.

- Eje-Diálogo 4. (R) evolucionando las emociones: formulando los malestares para pensar/proponer estrategias de mejora.

## Institucións

- **Asociación Española de Empleo con Apoyo (Aese)**

<http://www.empleoconapoyo.org/aese/article1.html>

A AESE ten como misión impulsar o desenvolvemento do Emprego con Apoio en España e en Latinoamérica, para que cada vez sexan máis as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social que poidan acceder con éxito ao mundo laboral integrado, e, con iso, poidan ser recoñecidos na práctica como cidadáns con todos os seus dereitos.

A AESE vela pola calidade do sistema, orientando na posta en marcha de novos servizos e asesorando os preparadores laborais que o poñen en práctica, para asegurar a correcta utilización deste sistema de acordo cos estándares de calidade da EUSE (Unión Europea de Emprego con Apoio).

Os seus principais destinatarios son as persoas con discapacidade e en risco de exclusión social en busca activa de emprego, pais, tutores e organizacións que defenden os seus dereitos laborais, profesionais do sector, empresarios, etc.

A Asociación asesora, forma e informa a todos os axentes participantes e vela pola calidade do sistema.

Tamén participa en proxectos europeos e cada dous anos organiza un congreso nacional; o último realizouse en Córdoba en 2016.

A información canalízase a través de memorias anuais, boletíns e documentos de información técnica, de impulso ao emprego con apoio e documentos legislativos

- **Funcas**

<http://www.funcas.es/>

Funcas é unha institución de carácter privado, sen ánimo de lucro, creada e financiada pola CECA dentro da súa Obra Social, para o desempeño de actividades que redunden en beneficio da sociedade española, promova o aforro e contribúan a estender o coñecemento das caixas de aforros facilitando o seu servizo á sociedade.

A Fundación é particularmente activa na promoción de estudos e investigacións económicas e sociais, e na súa difusión.

Funcas foi clasificada como Fundación Docente Privada de Promoción, por Resolución do Ministerio de Universidades e Investigación, de data 22 de decembro de 1980, e inscrita no Rexistro de Fundacións Culturais do devandito Ministerio.

## Institucións

### • Plataforma de Voluntariado de España (PVE)

<http://www.plataformavoluntariado.org/quienes-somos.php>

Plataforma de Voluntariado de España (PVE) é unha organización que coordina a promoción e difusión do voluntariado e a acción solidaria a nivel estatal, unha actividade que no noso país desenvolven máis de cinco millóns de persoas.

A PVE constitúese en 1986 e, na actualidade, está integrada por 79 organizacións de ámbito estatal así como por plataformas autonómicas e provinciais situadas por todo o Estado, que no seu conxunto representan a máis de 29.000 asociacións.

A PVE é o referente da coordinación e sistematización da acción voluntaria en España.

Declarada de utilidade pública, o seu labor é impulsar o voluntariado, promover o compromiso e a participación social, ademais de sensibilizar a cidadanía. Forma parte do Consello Estatal de ONG, do Centro Europeo de Voluntariado (CEV) e do International Association for Volunteer Effort (IAVE).

A Plataforma do Voluntariado de España participa na elaboración de políticas e programas de voluntariado, defende os intereses e a independencia das ONG que a integran e actúa como voceiro en foros nacionais e internacionais do Terceiro Sector de Acción Social.

Dende 2007 desenvolve o Observatorio do Voluntariado que desenvolve o seu labor na creación dun espazo de publicación e de posta en común de datos cuantitativos, cualitativos e mesmo teóricos en torno ao voluntariado. Tamén lidera investigacións e recollida de datos de importancia transcendental para unha análise global do fenómeno do voluntariado.

Durante esta traxectoria, varios foron os documentos que se elaboraron dende o observatorio cumprindo os seus fins. Entre estes traballos destacamos "Así somos: O perfil do Voluntariado Social en España", os boletíns estatísticos "Feitos e cifras do Voluntariado en España" así como as últimas investigacións da serie "A poboación Española e a súa implicación nas ONG".

### • SIIS. Fundación Eguía-Careaga. Centro de Documentación y Estudios

<http://www.siis.net/es/>

O SIIS, Centro de Documentación e Estudos, xorde en 1972 no seo da Fundación Eguía Careaga, como resposta a un importante déficit na

difusión de información científico-técnica existente no ámbito do social. Constitúese como unha ferramenta para a mellora das políticas de integración social, da organización dos servizos sociais e da práctica dos profesionais da acción social.

A través do seu menú de Publicacións accédese aos seus boletíns temáticos (Xeral, Discapacidade, Adición, Maiores, Inclusión, Infancia e Xuventude, Xénero e Familia, Acción social e Terceiro sector). Cunha periodicidade quincenal, infórmanos sobre novas publicadas na prensa, axenda, normativa e novidades bibliográficas das que, ás veces, se permite a súa descarga a texto completo.

Durante os meses de xaneiro-febreiro publicáronse os boletíns seguintes: SIIS

- Boletín de acción social: nºs : 272, 273, 274, 275
- Boletín de exclusión social: nºs.: 272, 273, 274, 275
- Boletín de género y familia: nºs : 272, 273, 274, 275
- Boletín de infancia y juventud nºs :272, 273, 274, 275
- Boletín de personas con discapacidad: nºs : 272, 273, 274, 275
- Boletín de personas mayores: nºs : 272, 273, 274, 275
- Boletín Tercer sector: 138, 139, 140

### • Unión Democrática de Pensionistas y Jubilados de España (UDP)

<https://www.mayoresudp.org/conoce-udp/>

Esta organización sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública foi creada en 1976 e dirixida e administrada por e para as persoas maiores. UDP é a primeira confederación de maiores do país. Conta con máis de 3000 asociacións adheridas e máis de 1.500.000 asociados. Agrupa a asociacións de pensionistas e xubilados de toda España, a través de federacións en cada comunidade autónoma e provincia constituindo asociacións locais, comarcais, provinciais, territoriais, sectoriais e internacionais.

UDP desenvolve programas e proxectos sociais en toda España. Cada entidade adherida a udp realiza programas e proxectos propios. Os programas desenvolvidos na actualidade pola UDP xiran en torno a catro eixes temáticos: envellecemento activo, Programas sociosanitarios, representación e sensibilización.

Edita un boletín, a Revista UDP El poder de la Unión e obras divulgativas sobre temas relacionados con este sector de poboación.

# Alertas e publicacións

POLÍTICA SOCIAL

## Redes sociais: Blogs

- **Arredondo, R. (coord.), et al., #TrabajoSocial ONLINE. Lo mejor de la #blogoTSfera.**

Serie: Investigaciones e informes del Consejo General del Trabajo Social n. 5, Madrid, Consejo General del Trabajo Social, 2017, 303 p.

[https://www.cgtrabajosocial.es/files/587f381491500/2017.\\_BLOGOTSFERA.pdf](https://www.cgtrabajosocial.es/files/587f381491500/2017._BLOGOTSFERA.pdf)

Esta publicación recolle as mellores entradas seleccionadas dos e as autoras da BlogoTSfera. A publicación pretende aglutinar todas as entradas por hashtag e palabras clave, coa intención de facilitar a busca sobre aqueles temas que preocupan ou interesan aos lectores.

- **Blog-Siis.net da Fundación Eguía Careaga**

Entradas do mes de marzo:

- ¿Cuál es la situación laboral de las mujeres?

<http://blog.siiis.net/2017/03/08/situacion-laboral-mujeres/>

- Implicación en organizaciones no gubernamentales

<http://blog.siiis.net/2017/03/01/implicacion-voluntariado-ong/>

- Objetivos para un futuro sostenible

<http://blog.siiis.net/2017/03/15/objetivos-futuro-sostenible/>

- Intervención familiar desde el trabajo social

<http://blog.siiis.net/2017/03/21/intervencion-familiar-trabajo-social/>

Entradas do mes de abril:

- Las ayudas sociales, ¿trampa o trampolín?

<http://blog.siiis.net/2017/04/12/ayudas-sociales-trampa-trampolin/>

- Empleo con apoyo para personas con discapacidad

<http://blog.siiis.net/2017/04/05/empleo-apoyo-personas-discapacidad/>

## Congresos, xornadas e cursos

- **Jornadas sobre acogimiento y adopciones “Niños con enfermedades raras y necesidades especiales”**

<http://enfermedades-raras.org/index.php/actualidad/4015-jornadas-sobre-acogimiento-de-los-ninos-que-conviven-con-una-er>

Lugar: Madrid

Data de realización: 5 e 6 de maio de 2017

Organiza: FEDER

- **II Congreso nacional de violencia filio-parental “Comprender, describir, intervenir, evaluar”**

<http://www.sevifip.org/index.php/ii-congreso-nacional/presentacion-del-congreso>

Lugar: Bilbo, Data: Do 25 ao 27 de Maio de 2017

Organiza: Sociedad Española para el Estudio de la Violencia Filio-Parental (SEVIFIP)

- **IV Conferencia internacional sobre monedas sociales y complementarias**

<https://www.facebook.com/events/1767889463432287/>

Lugar: Barcelona

Data de realización: do 10 ao 14 de maio de 2017 en Barcelona

Organiza: Universitat Oberta de Catalunya en colaboración con Research Association on Monetary Innovation and Community and Complementary Currency Systems (RAMICS), International Journal of Community Currency Research (IJCCR), Instituto de la Moneda Social.

- **Curso de formación “Intervención en casos de ciberriesgo”**

<http://www.agintzari.com/formacion/es/ficha-curso.aspx?guid=4d3e17cd-cc36-4a98-a0d2-f43d24793d0e>

Lugar: Bilbo, Data: 12 e 13 de Maio de 2017

Organiza: Agintzari Sociedade Cooperativa

- **IFSW European Conference 2017 “Marginalization and Social Work in a Changing Society”**

<http://ifsweuropa2017.yourhost.is/>

Lugar: Reikiavik (Islandia), Data: Do 28 ao 30 de Maio de 2017

Organiza: International Federation of Social Workers

- **2nd International Young Carers Conference “Every Child has the Right to...”**

del 29 de al 31 Mayo de 2017 en Malmö (Suecia)

<http://www.anhoriga.se/information-in-english/>

Lugar de realización: Malmö (Suecia), Data: Do 29 ao 31 de Maio de 2017

Organiza: Nka (Swedish Family Care Competence Centre) Linnaeus

## Congresos, xornadas e cursos

University, BarnsBeste (National Competence Network Norway), FORTE (Swedish Research Council for Health, Working Life and Welfare), the National Board of Health and Welfare in Sweden, the National Board

- **International Social Work Congress “Social problems and the future of social work”**

<http://www.sh2017.hacettepe.edu.tr/en>

Lugar de realización: Ankara

Data de realización: do 29 ao 31 de Maio de 2017

Organiza: Hacettepe University FEAS Department of Social Work

- **Inclusió.cat. I Congrés de l'Acció Social : Atenció Integrada Social e Sanitaria des dels Serveis Socials**

<http://inclusio.cat/>

Lugar de realización: Vic

Data de realización: 6 e 7 de xullo de 2017

Organiza: Generalitat de Catalunya, Departament de Treball, Afers Socials e Famílies e Universitat de Vic (Uvic)

O I Congrés de l'Acció Social – Inclusió.cat é un evento dirixido a todos os axentes do Sistema Catalán de Servizos Sociais que pretende incentivar a creación de coñecemento baseado na evidencia para fortalecer as disciplinas académicas e profesionais no ámbito dos Servizos sociais.

## Blog de publicacións

Invitamos a vostede a visitar o blog de alertas e publicacións da Consellería de Política Social neste enlace:

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/>

Entradas do mes de marzo:

- Repensar las políticas sociales. Seminario (2017. Donostia)

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/repensar-las-politicas-sociales-seminario-2017-donostia/>

- La población española y su implicación con las ONG

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/la-poblacion-espanola-y-su-implicacion-con-las-ong/>

- Programa Benestar en balnearios 2017

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/programa-benestar-en-balnearios-2017/>

- Estadísticas de Política Social. Censo de persoas con discapacidade 2016

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/estadisticas-de-politica-social-censo-de-persoas-con-discapacidade/>

- O mellor da #blogotsfera

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/o-mellor-da-blogotsfera/>

- España frente a los retos de la agenda de desarrollo sostenible

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/espana-frente-a-los-retos-de-la-agenda-de-desarrollo-sostenible/>

- Normativa de Política Social. Comunidades autónomas. Febreiro 2017

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-comunidades-autonomas-febreiro-2017/>

- A economía social fronte á crise

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/a-economia-social-frente-a-crise/>

- BdB. Boletín de Benestar. Boletín Informativo de Política Social. Nº 6 (Xaneiro-Febreiro, 2017)

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/bdb-boletin-de-benestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-6-xaneiro-febreiro-2017/>

# ALERTAS e, PUBLICACIONES de política social

Entradas do mes de abril:

- Normativa de Política Social. Comunidades autónomas. Abril 2017

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/normativa-de-politica-social-comunidades-autonomas-abril-2017/>

- Adolescentes adoptados: análisis de sus estilos de vida y relaciones

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/adolescentes-adoptados-analisis-de-sus-estilos-de-vida-y-relaciones/>

- Población especialmente vulnerable ante el empleo en España

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/poblacion-especialmente-vulnerable-ante-el-empleo-en-espana/>

- Novas bibliográficas editadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/novas-bibliograficas-editadas-pola-conselleria-de-economia-emplego-e-industria/>

- Normativa de Política Social. Diario Oficial de Galicia (DOG). Marzo 2017

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/normativa-de-politica-social-diario-oficial-de-galicia-dog-marzo-de-2017/>

- Gizarteratuz n. 56, enero-febrero 2017

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/gizarteratuz-n-56-xaneiro-febreiro-2017/>


- Normativa de Política social. Comunidades autónomas. Marzo, 2017

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/normativa-de-politica-social-comunidades-autonomas-marzo-2017/>

- Estadísticas de Política Social. Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/estadisticas-de-politica-social-rexistro-unico-de-entidades-prestadoras-de-servizos-sociais-datos-de-2016/>

## Catálogo de publicacións na web



Boletín Informativo de Política Social, n.º 6 (xaneiro-febreiro 2017)

